

**ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DA
CORUÑA E PARA A
REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS**

REUNIDOS

Dunha banda, D. Ricardo José Cao Abad, reitor da Universidade da Coruña (a partir de agora, UDC), nomeado por Decreto 1/2024 do 11 de xaneiro, da Xunta de Galicia (DOG núm. 10, do 15 de xaneiro), no uso das competencias que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario (BOE núm. 70 do 23 de marzo), e o artigo 126 dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 94/2025, do 6 de outubro, da Xunta de Galicia (DOG núm. 207, do 27 de outubro).

Da outra don/dona co NIF
representante de
co CIF e co domicilio social en
en calidade de

Ambas as partes recoñécense plena capacidade e lexitimación suficiente para a formalización do presente convenio e, para estes efectos,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. O de de asinouse o convenio de colaboración educativa entre a empresa/institución e a
UDC, en que se establecen a forma e as condicións de cooperación entre as partes para a realización de prácticas externas dos estudos oficiais de grao e máster universitario nas instalacións de

SEGUNDO. O Real decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións, veu a engadir unha nova disposición adicional quincuaxésima segunda no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, en que se regula a inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación.

De acordo con esta disposición, a realización de prácticas formativas en empresas, institucións ou entidades incluídas en programas de formación, e a realización de prácticas académicas externas ao amparo da respectiva regulación legal e regulamentaria, determinará a inclusión no sistema da Seguridade Social das persoas que as realicen nos termos desta disposición adicional. Estas prácticas comprenden, entre outras, as realizadas por alumnado universitario e dirixidas á obtención de titulacións oficiais de grao e máster ou doutoramento, así como as dirixidas á obtención dun título propio da UDC.

O referido real decreto-lei establece que as persoas que realicen estas prácticas quedarán incluídas como asimiladas a traballadores por conta allea no Réxime xeral da Seguridade Social, e que o cumprimento das obrigas de Seguridade Social lle corresponderá, no caso das prácticas formativas remuneradas, á entidade ou o organismo que financie o programa de formación e, no caso das prácticas formativas non remuneradas, á empresa, institución ou entidade en que se desenvolvan aquelas, salvo que no convenio ou acordo de cooperación que, de ser o caso, se subscriba para a súa realización se dispoña que esas obrigas sexan asumidas polo centro de formación responsable da oferta formativa.

Este novo réxime entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2024, polo que debe incorporarse ao Convenio a nova regulación.

De acordo co anterior, as partes

ACORDAN

Introducir no convenio asinado entre a UDC e

o de de , a seguinte cláusula e deixar sen validez todas aquelas outras incluídas no convenio orixinal que se lle opoñan:

«Relación entre a Entidade e o alumnado en prácticas

1. A realización das prácticas non supón en ningún caso o establecemento dun vínculo laboral entre o alumnado e a Entidade, que non poderán subscribir ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación recollidas na normativa laboral.

Se o/a estudante se incorpora á Entidade ao acabar os seus estudos, o tempo de prácticas non computará para os efectos de antigüidade nin eximirá do período de proba, agás que o convenio colectivo de aplicación estipule algo distinto.

2. A realización das prácticas non implica dotación económica obrigatoria por parte da Entidade, aínda que se poderá prever unha asignación para o/a alumno/a en concepto de bolsa ou axuda ao estudo.

3. A realización de prácticas determinará a inclusión do alumnado no sistema da Seguridade Social nos termos establecidos na normativa que estea vixente no momento de formalizarse a colaboración. As obrigas da Entidade e da Universidade da Coruña ante a Seguridade Social estarán reguladas por resolución reitoral».

En proba de conformidade, asínase este addenda, na data da sinatura electrónica.

O reitor da Universidade da Coruña
Ricardo José Cao Abad

O/A representante da Entidade